

## **ANEXO I**

### **REGULAMENTO DA CARREIRA POPULAR “XXX MEMORIAL ADOLFO ROS – VOLTA Á RÍA”**

O próximo día 13 de decembro de 2015, ás 10:00 horas, terá lugar a saída da XXX edición do “MEMORIAL ADOLFO ROS” – VOLTA Á RÍA, que se celebrará conforme co seguinte:

#### **REGULAMENTO XERAL**

##### **Artigo 1**

O Concello de Narón organiza a XXX edición do medio maratón “Volta á Ría-Memorial Adolfo Ros”.

A proba celebrarase o día 13 de decembro de 2015 a partir das 10:00 horas.

##### **Artigo 2. Participantes**

A proba está aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. En calquera caso, deberanse ter 16 anos cumpridos o día da celebración da proba.

Cada corredor participa no medio maratón baixo a súa responsabilidade e se dispón dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba.

##### **Artigo 3. Percorrido e duración**

O percorrido será sobre asfalto, para completar a lonxitude de 21.097 metros, con saída e meta nas proximidades do C.C. Odeón (Narón).

O tempo máximo para percorrer a distancia será de 2 horas e 20 minutos.

O circuíto estará pechado a todos os vehículos, salvo os autorizados pola organización.

O percorrido estará controlado e vixiado pola Garda Civil de Tráfico, Policía Local e Protección Civil dos catro concellos e coa colaboración da organización. Cada quilómetro estará sinalado mediante un panel indicador e sobre o asfalto.

Así mesmo, poderán actuar como colaboradores habilitados pola organización o Club Atletismo Afflelou Narón, o Motoclub Fojeteiros Narón e o Club MTB Eskornabois.

Calquera tipo de acompañamento está prohibido.

Os únicos vehículos autorizados que poderán seguir a proba serán as forzas de seguridade e os de apoio á organización que contarán con roupa apropiada e visible.

#### **Artigo 4. Condicións de participación**

**4.1)** Unha inscrición é válida cando a persoa participante enche o boletín de inscrición a través da web <http://www.championchipnorte.com> e aboa o custo da inscrición. Poderanse realizar **inscricións ata o xoves 10 de decembro**.

**4.2)** Os participantes comprométense a:

- Aceptar estritamente todos os artigos do presente regulamento.
- Aceptar as posibles modificacións da proba ás que a organización se vexa obrigada por causas alleas á súa vontade.

**4.3)** A inscrición da carreira é persoal e intransferible. Non se admitirán devolucións, baixo ningunha causa, do importe da inscrición.

**4.4)** A realización da inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: "Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento se puidese derivar tal como perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias e o perigo de lesión, á organización, patrocinadores comerciais, directivos, empregados e demais organizadores".

**4.5)** A organización resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida neste, estarase ao que dispoña a organización.

**Descualificacións:** o servizo médico da competición e os xuíces árbitros están facultados para retirar da carreira:

- A calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
- A todo atleta que non realice o percorrido completo.
- A todo atleta que non teña dorsal ou non o leve visible, dobre ou manipule a publicidade, ou o fotocopie.
- A todo atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización, á marxe do estipulado no apartado de reclamacións.

## Artigo 5. Categorías

- A. Júnior - Nados/as en 1997 e 1998 (inclúe atleatas con 16 anos cumpridos).
- B. Promesa - Nados/as en 1994, 1995 e 1996.
- C. Sénior - Nados/as en 1993 ata 35 anos cumpridos o día da proba.
- D. De 35 a 40 anos.
- E. De 41 a 49 anos.
- F. De 50 a 59 anos.
- G. A partir de 60 anos.
- H. Discapacitados/as en cadeira de rodas.
- I. Residentes dos concellos organizadores.
- L. Invidentes.
- M. Handbike.

Terase en conta a idade o día da carreira.

A organización poderá solicitar documentación onde conste a data de nacemento dos participantes. Se non se achega, poderá ser motivo de descalificación.

As categorías H), L) e M) consideranse categorías non oficiais da F.G.A.

## Artigo 6. Custo de inscrición

Para inscribirse na proba (medio maratón) as persoas participantes deberán aboar a cantidade de 4 €, e 1 € para o alugamento do chip naqueles casos nos que o participante non teña un propio.

## Artigo 7. Carreiras para menores

As inscricións para as carreiras de menores serán gratuítas e realizaranse a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Ferrol: <http://www.fgatletismo.es/ferrol/>

Poderanse realizar inscricións ata o mércores 09 de decembro ás 21:00h.

Non se admitirán inscricións o día da proba.

O tres primeiros clasificados das categorías participantes recibirán un trofeo.

### **Categorías, horarios e distancias:**

As horas indicadas no cadro seguinte son orientativas, podendo ser modificadas pola organización.

<b>CATEGORÍA</b>		<b>HORA</b>	<b>DISTANCIA</b>
Xuvenís	1999/2000	10:10	4.000 m.
Cadetes	2001/2002	10:10	4.000 m.
Infantís	2003/2004	10:30	2.000 m.
Alevíns	2005/2006	10:30	2.000 m.
Benxamíns	2007/2008	10:45	1.000 m.

### **Artigo 8. Retirada de dorsal, chip e bolsa de corredor**

Os participantes poderán retirar o dorsal o sábado 12 de decembro de 16:00 a 21:00 no C.C. Dolce Vita Odeón (Narón).

O día da proba entregaranse dorsais de 08:00 a 09:00 h no lugar da saída.

Os menores poderán retirar o seu dorsal ata 30 minutos antes do comezo da súa proba.

### **Artigo 9. Trofeos e premios**

Todos os corredores inscritos serán obsequiados cunha camiseta conmemorativa.

As clasificacións publicaranse inmediatamente ao finalizar a proba.

A entrega de premios realizarase ás 13:00 h no Centro Comercial Dolce Vita Odeón. Os premiados deberán de estar no lugar indicado 5 minutos antes para axilizar a entrega de premios.

O tres primeiros clasificados de cada categoría tanto masculina como feminina recibirán un trofeo. O tres primeiros da absoluta masculina e feminina tamén recibirán trofeo.

O corredor máis veterano e o máis novo en acabar a proba recibirán un obsequio dalgún dos nosos patrocinadores.

Ao finalizar a entrega de premios haberá un sorteo de agasallos facilitados polos colaboradores.

Será imprescindible a presentación dun documento que acredite a identidade para recoller os premios. Os premios terán o tratamento fiscal conforme á lei.

### **Artigo 10. Xuíz árbitro**

Será designado pola F.G.A. para resolver calquera suceso de tipo técnico, interpretando o regulamento da proba. No non previsto por este regulamento, aterase ás normas da I.A.A.F.

A participación de atletas extranxeiros e doutras Federacións autonómicas, rexirase polas normas recollidas no artigo 3.4 da circular RFEA nº 109/2015 “Regulamento para as competicións de campo a través, marcha, ruta, montaña, trail e xuntanzas de pista cuberta e aire libre 2015-2016”.

Aqueles atletas que sabendo da súa imposibilidade para participar nesta proba, proporcione datos falsos para poder facelo, serán descalificados.

A Organización, dacordo coa normativa RFEA e previo informe da FGA, rexeitará a inscrición dos corredores federados doutras Federacións Autonómicas que excedan os límites fixados pola RFEA para competicións de ámbito autonómico.

<http://www.rfea.es/sirfea/ficheros/comunicados/documentos/2015430182938.pdf>

### **Artigo 11. CONTROL DE LA CARRERA**

O control realizarase polos xuíces designados pola Federación Galega de Atletismo (FGA).

Os tempos tomaranse mediante sistema informático. Existirá un control de tempo na saída e meta. Serán válidos os chips persoais de Champion Chip de cor amarela. Os que non dispoñan de chip propio facilitaráselles un (a devolver).

O tempo de carreira só será rexistrado se a persoa participante leva posto correctamente o chip, que irá adherido aos cordóns das zapatillas. O dorsal deberase levar na parte dianteira en lugar visible.

### **Artigo 12. Apelacións**

As reclamacións relativas á clasificación deberán facerse de xeito verbal inmediatamente ó remate da proba, dirixida ó xuíz árbitro.

De non estar dacordo coa decisión final poderá facelo por escrito ante outras instancias superiores aboando a taxa correspondente.

### **Artigo 13. Avituallamento**

Existirá avituallamento, aproximadamente nos quilómetros 5, 10 e 15 do percorrido. Na zona de meta establecerase o avituallamento final.

### **Artigo 14. Seguros**

Todos os participantes estarán cubertos por unha póliza de responsabilidade civil, e outra de accidentes proporcionada pola licenza de día da Federación Galega de Atletismo (F.G.A).

A organización declina toda responsabilidade sobre os danos físicos ou morais que durante a participación nesta proba poida un atleta causarse a si mesmo ou a terceiros.

### **Artigo 15. Aceptación do regulamento**

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense honestamente e con honra a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir a distancia completa antes de cruzar a liña de meta.

Todos os participantes, polo feito de formalizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a organización, ela mesma ou mediante terceiras entidades, traten informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva, promocional ou comercial, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeos, etc.

De acordo co que establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, da protección de datos de carácter persoal, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercitar este dereito deberá solicitalo por correo electrónico a [p.deportes@naron.es](mailto:p.deportes@naron.es).

### **Artigo 16. Adaptación do regulamento**

Cada concello adaptará cada ano os apartados do regulamento da carreira que afecten a edición, percorrido, colaboradores habilitados e idade dos atletas participantes así como as modificacións que puidesen xurdir con motivo de normas federativas ou do Ministerio do Interior que afectasen o desenvolvemento da proba.

### **Artigo 17. Percorridos**

#### **CIRCUÍTO 4KM - CATEGORÍA XUVENIL E CADETE**




## CIRCUÍTO 2 KM - CATEGORIA INFANTIL E ALEVÍN



## CIRCUÍTO 1 KM - CATEGORÍA BENXAMÍN



## CIRCUÍTO 21 KM - (MEDIO MARATÓN)



Os rutómetros poderanse consultar con máis detalle no documento “Plan de emerxencias – Memorial Adolfo Ros” elaborado polo Servizo de Emerxencias de Narón.